

ANEXO VI

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CODIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATOS BANCARIOS			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

, de de 20

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se estende o ámbito temporal de aplicación e se reabre o prazo para a presentación de solicitudes das axudas previstas na Orde do 21 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Por Orde do 21 de abril de 2008, da Consellería de Traballo, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 81, do 28 de abril de 2008, establecéronse as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procedeu á súa convocatoria para o ano 2008.

Finalizado o prazo para a presentación de solicitudes o pasado día 15 de xullo de 2008, tendo en conta as solicitudes presentadas ata esa data, e a dispoñibilidade de créditos orzamentarios para o financiamento das axudas do programa de promoción do emprego autónomo, resulta oportuno reabrir o prazo de presentación de solicitudes coa finalidade de apoiar no exercicio 2008 un maior número de proxectos de autoemprego, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia.

Isto leva consigo adecuar o ámbito temporal de aplicación da Orde do 21 de abril de 2008, estable-

cido no seu artigo 1.1º, e o prazo xeral de presentación de solicitudes establecido no seu artigo 10.2º.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Reábrese o prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas do programa para a promoción do emprego autónomo, establecido na Orde do 21 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, que rematará o 15 de setembro de 2008.

2. Deberá respectarse o prazo xeral establecido no punto anterior aínda que non transcorresen os prazos específicos previstos na devandita orde para cada tipo de axuda.

3. Poderán subvencionarse ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2008 as altas no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos ou en mutualidade de colexio profesional que cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen ata o 15 de setembro de 2008 inclusive.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 15 de xullo de 2008 pola que se convoca un curso de especialización contra incendios I.

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2008, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dun curso de especialización contra incendios I, que se desenvolverá en colaboración co

Centro de Instrución de Seguridade Interior da Armada, conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

Con este curso preténdese conseguir que os/as integrantes dos servizos de emerxencias e protección civil adquiran unha preparación especializada na loita contra os incendios, que facilite a formación de seccións que poidan actuar con garantía e seguridade nas tarefas que teñan encomendadas, dentro dos servizos de emerxencias e protección civil.

Destinatarios.

O curso vai dirixido aos membros dos servizos de emerxencias e protección civil, que realizen o curso básico de protección civil e o curso de segundo nivel de prevención e loita contra incendios urbanos e forestais, e teñan experiencia no traballo de loita contra incendios.

Desenvolvemento.

1. Prazas: 20.

2. Duración e data: o curso terá lugar do 29 de setembro ao 3 de outubro de 2008, ambos inclusive, das 8.30 ás 14.00 horas e cunha duración de 25 horas lectivas.

3. Lugar: Centro de Instrución de Seguridade Interior da Armada; a avda. das Telleiras s/n, Ferrol (A Coruña).

Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos/das participantes é gratuíta.

2. As persoas interesadas poderán cubrir a solicitude que se amosa na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou o modelo anexo á convocatoria da actividade.

3. As solicitudes deberán estar asinadas pola persoa responsable da correspondente unidade e co selo desta. Estes requisitos serán indispensables para ser admitidos no curso.

4. Presentación das solicitudes.

-Por correo á sede da Academia Galega de Seguridade Pública: avenida da Cultura, s/n 36680, A Estrada.

-A través do fax nº 886 20 61 23 do Servizo de Formación-Sección de Protección Civil e Bombeiros da Agasp.

-Segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 5 de setembro de 2008.

6. Os/as seleccionados/as deberán presentar, antes do inicio do curso, un certificado médico de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das prácticas con lume real.